

RESOLUCIÓN DO 26 DE XANEIRO DE 2009, POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

A Vicerreitoría de Relacións Institucionais da USC convoca **1.969 axudas** para diversas universidades europeas, dentro do Programa Erasmus para o curso académico 2009/2010.

PRIMEIRA: BOLSAS, FINALIDADE E CONDICIÓN

1.1. A finalidade das bolsas é dar aos estudantes a posibilidade de realizaren nas diversas universidades participantes no PAP (Programa de Aprendizaxe Permanente) estudos que serán recoñecidos pola Universidade de Santiago de Compostela, se conseguen naquelas o nivel esixido. En todo caso, será de aplicación o Regulamento de Intercambios da USC.

1.2. As universidades estranxeiras de destino outorgarán matrícula gratuíta os estudantes seleccionados pola USC. Non deberán pagarse taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas, etc.) na institución de acollida durante o curso académico acordado. Non obstante, a institución pode pedir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, etc., nas mesmas condicións que os estudantes da devandita institución.

1.3. Os estudantes seleccionados deberán aboar á Universidade de Santiago de Compostela os prezos públicos establecidos para os estudos universitarios que fagan no curso 2009/2010.

1.4. Os estudantes seleccionados que posúan bolsas ou préstamos de carácter nacional, seguirán percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro. (Agás que a convocatoria da bolsa de que se trate estableza a incompatibilidade).

1.5. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe.

1.6. Deberá outorgarse pleno recoñecemento académico ao período de estudos no estranxeiro. O devandito recoñecemento só se denegará se os estudantes non acadan o nivel esixido na institución de acollida ou non cumpren, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.7. As universidades asociadas e cada estudante deberán concertar o “Compromiso de Estudos” (*Learning Agreement*) antes de que o estudante saia ao estranxeiro.

1.8. O período de estudos desenvolvido no estranxeiro mediante o programa PAP Erasmus poderá incluír unha formación práctica.

1.9. Ser un “estudante Erasmus” non supón necesariamente que reciba unha axuda económica de mobilidade Erasmus.

SEGUNDA. AXUDAS ECONÓMICAS A BOLSEIROS ERASMUS

2.1. A axuda concedida pola Unión Europea é para contribuír a sufragar os gastos adicionais (de viaxe, preparación lingüística e diferenza do custo da vida no país de acollida). Non se destinará a cubrir a totalidade dos custos dos estudos no estranxeiro.

2.2. Dependendo da data na que se reciban os fondos de Bruxelas, a bolsa aboarase ao estudante en dous pagamentos, o primeiro dentro do último trimestre do ano 2009

(80%), e o segundo no primeiro trimestre do ano 2010 (20%). Os estudantes seleccionados na Universidade de Santiago de Compostela que non sexan españois deberán estar en posesión do NIE (Número de Identificación de Estranxeiros).

2.3. O Ministerio de Ciencia e Innovación poderá conceder aos bolseiros unha axuda complementaria, de contía variable, que se fixará en atención á dispoñibilidade orzamentaria, á duración das bolsas, ao nivel de rendas e ao expediente académico. A efectos informativos, a dotación para o curso 2008-09 foi de 157 €/mes para todos os estudantes Erasmus e de 350 €/mes adicionais para aqueles que posuían unha bolsa de estudos do Ministerio no ano anterior (curso 2007-08).

2.4. A Xunta de Galicia concede anualmente axudas económicas destinadas a estudantes de calquera das universidades desta Comunidade Autónoma que teñan unha bolsa Erasmus. A Oficina de Relacións Exteriores informará puntualmente aos bolseiros da publicación das devanditas axudas.

TERCEIRA: REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

3.1. Poderán participar na convocatoria os alumnos matriculados na Universidade de Santiago de Compostela no curso 2008/2009, co obxecto de realizar un programa de estudos de ensino superior que conclúa coa obtención dunha titulación superior recoñecida, ata o grao de doutoramento, inclusive. O período de estudos estará comprendido entre tres meses como mínimo e doce meses como máximo.

3.2. Os estudantes que xa foron beneficiarios dunha mobilidade Erasmus non poderán solicitar unha segunda mobilidade.

3.3. Un mesmo estudante non poderá solicitar unha mobilidade de estudantes e unha mobilidade de prácticas no mesmo curso.

3.4. Os estudantes deberán estar matriculados como mínimo no segundo ano do programa de estudos e ter superados o 15% dos créditos correspondentes á súa titulación. Con respecto ao requisito de ter superado o 15% dos créditos correspondentes á súa titulación, entenderase que os alumnos que acceden a unha titulación de posgrao oficial, segundo ciclo ou a estudos de segundo ciclo que non sexan continuación dun primeiro ciclo téñeno acreditado por estaren en posesión dunha titulación universitaria ou por teren superado un primeiro ciclo.

3.5. Os requisitos xerais para participar na convocatoria deben cumprir no momento de presentar a candidatura ao intercambio.

3.6. Os estudantes deberán posuír a nacionalidade dun país da Unión Europea ou estar recoñecidos polo país en que residen, como residentes permanentes, refuxiados ou apátridas.

CUARTA: SOLICITUDES

4.1. Só se aceptará a solicitude en liña, que estará dispoñible na páxina: www.usc.es (Secretaría Virtual).

4.2. Unha vez rematada a inscrición en liña, imprimíranse 2 exemplares e presentaranse, xunto co resto da documentación requerida, do 26 de xaneiro ao 25 de febreiro de 2009 no Rexistro Xeral da USC, sito na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) ou no Rexistro do Campus de Lugo, sito no edificio de Servizos administrativos da Biblioteca intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Fingoi-Lugo). Tamén poderá presentarse nas formas e lugares

establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común coa documentación que a seguir se indica:

- Unha fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Certificación do banco/caixa de aforros de ter aberta unha conta a nome do interesado nunha entidade bancaria sita no territorio español.
- Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras.

QUINTA: VALORACIÓN DE MÉRITOS

5.1. Os criterios de valoración a ter en conta para a selección son os seguintes:

- A preparación académica do aspirante valorado segundo o seu expediente académico actual (media simple).
- Coñecemento do idioma do país de destino, cuxa valoración se fará polo Centro de Linguas Modernas da USC na forma e data que oportunamente se darán a coñecer. A falta de presentación á proba de idioma suporá a eliminación automática do proceso de selección.
- Excepcións:
 - Aqueles estudantes das diferentes filoloxías que se presenten a prazas con destino en países onde a lingua coincida cos seus estudos estarán exentos da devandita proba.
 - Aqueles estudantes que posúan unha certificación oficial de aptitude lingüística internacionalmente recoñecida (TOEFL, IELTS, DELF, DALF e similares), que acredite un coñecemento suficiente da lingua (mínimo nivel intermedio) na que se impartirá a docencia na universidade de acollida estarán tamén exentos de realizar a proba de lingua. Os efectos de exención axustaranse ao que determine o Centro de Linguas Modernas da USC.
 - A motivación, madurez, autonomía persoal, adaptabilidade e inqedanzas do aspirante e a súa adecuación aos estudos que vai realizar no estranxeiro durante o período da bolsa.
 - Consideraranse elixibles para levar a cabo unha mobilidade Erasmus os estudantes estranxeiros que, cumprindo co exposto no epígrafe 3.6 desta convocatoria, soliciten unha praza para o seu país de orixe, aínda que se lles outorgará o menor grao de prioridade posible na valoración de solicitudes.

SEXTA: CONCESIÓN DAS BOLSAS

6.1. Os Responsables Académicos de Mobilidade (ou persoas que os substitúan) presidirán as comisións de selección, formadas polos Coordinadores e os Responsables das Unidades de Apoio, que baseándose nos criterios expostos no punto anterior, seleccionarán os candidatos. A devandita selección suporá, no seu momento, a aprobación provisional polo centro do Compromiso de Estudos de cada candidato.

Tamén serán responsables de enviar no prazo máis breve posible desde a recepción dos expedientes dos candidatos á Vicerreitoría de Relacións Institucionais unha listaxe provisional dos adxudicatarios das bolsas, así como a correspondente listaxe de agarda, de existir. A comisión de selección poderá esixirlle ao/á candidato/a que asista a cursos intensivos do idioma para mellorar as súas capacidades lingüísticas.

6.2. Faranse públicas, por medio do taboleiro de anuncios de cada centro e na páxina web da USC, as decisións de adxudicación así como, de existiren, as listaxes de agarda,

ás que se fai referencia no parágrafo 6.1. Estas listaxes consideraranse provisionais e contra elas poderá presentarse reclamación mediante instancia dirixida ao Decano ou Director do centro no prazo de sete días, contados a partir da publicación das listaxes provisionais no taboleiro de anuncios do centro. O Decanato ou a Dirección deberá resolver no prazo de cinco días.

6.3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo 6.2, e resoltas as reclamacións presentadas, o Vicerreitor de Relacións Institucionais estudará as propostas de adxudicación e publicarase a listaxe de xeito provisional. Unha vez publicada a devandita listaxe, poderanse presentar alegacións no prazo de sete días. Transcorrido este prazo ditarase resolución, sendo a adxudicación definitiva. Esta adxudicación esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

SÉTIMA: ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS

7.1. Os seleccionados deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia, por escrito, na Oficina de Relacións Exteriores no prazo de dous meses. Así mesmo as renuncias que se produzan deberanse facer no prazo máis breve posible para que os suplentes poidan acceder ás prazas vacantes e, en todo caso, antes do 1 de maio de 2009. A partir desa data todos aqueles estudantes que non manifestasen a súa aceptación por escrito consideraranse automaticamente decaídos dos seus dereitos e darase entrada aos posibles suplentes. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación por parte do interesado serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias de mobilidade da Oficina de Relacións Exteriores.

7.2. Aceptada a bolsa, o estudante debe:

- Poñerse en contacto co coordinador para recibir información sobre a universidade de destino, infraestrutura e recoñecemento académico dos estudos que se realizarán durante o período da bolsa. O estudante deberá completar e enviar os formularios de pre-insrición (“*Application form*”) da universidade de destino en tempo e forma.
- Realizar na universidade de destino os estudos para os que se lle outorgou a bolsa, ata o remate do período de estudos.
- Se durante o período de vixencia da bolsa o estudante decide renunciar, comunicarao ao coordinador responsable e á Oficina de Relacións Exteriores por escrito, reintegrará as axudas que recibira pola súa condición de bolseiro e só manterá o dereito de solicitar bolsas que convoque a Vicerreitoría de Relacións Institucionais no futuro se a renuncia obedece a causas xustificadas Ademais, no caso de renuncias xustificadas poderá contemplarse a posibilidade de reintegrar unicamente a parte proporcional da axuda.
- Cumprimentar e presentar na Oficina de Relacións Exteriores os documentos relativos á súa bolsa que lle fosen requiridos.

7.3. A Universidade de Santiago de Compostela non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polo estudante durante o período da súa bolsa.

7.4. A Vicerreitoría de Relacións Institucionais proporcionará aos bolseiros o correspondente documento acreditativo de ser bolseiro Erasmus (CREDENCIAL) unha vez que o compromiso de estudos estea debidamente cumprimentado. NON SE

ENTREGARÁ NINGUNHA CREDENCIAL DE BOLSEIRO SEN COMPROMISO DE ESTUDOS.

Así mesmo, entregaráselle o formulario de “CERTIFICACIÓN DE CHEGADA” que deberá remitir á Oficina de Relacións Exteriores debidamente asinado e selado pola universidade de destino no prazo máximo de 3 días a contar dende a chegada. SEN A RECEPCIÓN DESTE DOCUMENTO NON SE PROCEDERÁ AO PAGAMENTO DA BOLSA E O ESTUDANTE PERDERÁ A SÚA CONDICIÓN DE ALUMNO ERASMUS A EFECTOS ACADÉMICOS.

O formulario “FIN DE PRESENZA” deberá ser entregado na Oficina de Relacións Exteriores rematada a súa estadía na universidade de destino debidamente asinado e selado pola universidade de destino. O INCUMPRIMENTO DESTE APARTADO OBRIGARÁ AO ESTUDANTE Á DEVOLUCIÓN TOTAL DA BOLSA.

7.5. A Universidade de Santiago de Compostela asinará un CONVENIO FINANCEIRO cunhas cláusulas mínimas co estudante que lle será entregado xunto coa súa credencial de bolseiro Erasmus. O devandito convenio asinarase en dous orixinais, un para o bolseiro e outro que conservará a Oficina de Relacións Exteriores. En todo caso, este convenio deberá ser asinado antes de incorporarse á universidade de destino.

7.6. O bolseiro Erasmus comprométese a remitir á Oficina de Relacións Exteriores un informe sobre o seu período de estudos no estranxeiro segundo o modelo establecido.

7.7. O bolseiro Erasmus comprométese a remitir todos os datos referentes á súa estadía no estranxeiro ao seu coordinador en canto sexa posible (endereço postal, correo electrónico, teléfono).

7.8. SUPLENTE. A Oficina de Relacións Exteriores poderá facer as xestións oportunas para promover que todos os estudantes candidatos que figuren nas listaxes de agarda teñan a oportunidade de participar no programa Erasmus.

OITAVA: INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

8.1. A información sobre universidades de destino, estudos que se realizarán no estranxeiro e o seu recoñecemento académico solicitarase, ben a través dos Decanatos ou Direccións de cada centro, Responsables Académicos de Mobilidade ou ben directamente aos coordinadores académicos, segundo se determine en cada centro.

8.2. A Oficina de Relacións Exteriores organizará reunións e charlas informativas. Por outra banda, manterase un arquivo o máis completo posible con información sobre cada unha das universidades de destino, que poderá ser consultado polos estudantes seleccionados. Este arquivo estará centralizado na Oficina de Información Universitaria OIU (Pavillón Estudantil, Campus Universitario Sur).

NOVENA: COMPROMISO DE ESTUDOS (“LEARNING AGREEMENT”)

1. Os alumnos que resulten seleccionados para participar no programa Erasmus deberán, con carácter previo á súa marcha, e contando co asesoramento do seu respectivo coordinador académico, formalizar un compromiso de estudos .

2. Este documento terá carácter vinculante sempre que se cumpran os requisitos establecidos para o intercambio e o plano de estudos do estudante.

3. Nel incluíranse as materias ou actividades que vai cursar na universidade de destino, así como as materias correspondentes ao plano de estudos que está a cursar na USC, e cuxo recoñecemento vai obter como consecuencia da superación daquelas, así como a equivalencia en créditos.

4. Ningún estudante se poderá incorporar á universidade de destino sen estar en posesión deste documento debidamente asinado no modelo da USC.
5. Unha vez cuberto e asinado o compromiso de estudos ou a súa modificación, o coordinador académico deberallo enviar, dentro dos prazos previstos, ao Responsable Académico de Mobilidade do seu centro e ao Responsable da Unidade de Apoio, quen revisará o seu contido e llo remitirá á ORE co fin de proceder á súa sinatura como coordinador institucional.
6. A ORE devolverá unha copia debidamente asinada ao Responsable da Unidade de Apoio para que llo traslade á UXA, e ao mesmo tempo a ORE tramitará á universidade de destino o compromiso de estudos ou acordo académico, para o seu coñecemento e para os efectos de confirmar a aceptación do estudante para cursar as materias propostas.
7. O mencionado documento adquirirá carácter definitivo cando estea asinado polo alumno, polo coordinador académico, pola ORE, quen actuará como coordinador institucional da USC, e pola universidade de destino.
8. Dentro do primeiro mes da incorporación do alumno á universidade de destino en cada cuatrimestre, o compromiso de estudos ou acordo académico poderase modificar seguindo o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial. Se as circunstancias da universidade de destino o requirisen, o coordinador poderá autorizar modificacións despois de rematado o prazo anterior e sempre durante o período de intercambio. Só por causas extraordinarias e debidamente xustificadas se permitirá a modificación rematado o intercambio, e con anterioridade, en todo caso, á resolución do recoñecemento, por proposta do Responsable Académico de Mobilidade, logo de visado da ORE, e con resolución do Vicerreitor competente en relacións exteriores. Toda modificación debidamente autorizada no compromiso de estudos ou acordo académico levará consigo a matriculación nos dez (10) días posteriores ao da citada autorización. A ORE da USC comunicarlle á unidade de xestión correspondente a relación de alumnos que foron autorizados para cursar estudos noutras universidades en virtude de convenio. Esta comunicación deberá estar concluída, como máximo, antes da realización da primeira convocatoria de exames.
9. No compromiso de estudos ou acordo académico non se poderán incluír as materias cualificadas con suspenso. Destas materias o estudante poderase examinar na USC, sempre que formalizase a súa matrícula dentro do prazo ordinario.
10. No compromiso de estudos ou acordo académico poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos de libre configuración/optativos – programa de intercambio”, nos cales non se especifique a actividade que se vai realizar, por non coincidir coas materias propias da titulación para a cal se cursan. O coordinador da universidade de destino deberá aprobar en cada caso a actividade realizada e o número de créditos aplicables. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia ou actividade realizada. O total de créditos recoñecidos non poderá exceder os matriculados baixo esta epígrafe.
11. Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no compromiso de estudos ou acordo académico, nin aqueles dos que o alumno non se matriculase previamente.
12. O número máximo de créditos que se poden incluír no compromiso de estudos ou acordo académico será o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou

o equivalente a 30 ECTS para un cuadrimestre. O período de estudos poderá incluír unha formación práctica, e ademais, TAD ou similares se estes traballos figuran no plano de estudos. Poderase cursar na universidade de destino o proxecto fin de carreira cando o alumno cumpra todos os requisitos necesarios para matricularse na USC. Se non cumpre con estes requisitos, un alumno de intercambio poderase matricular provisionalmente no proxecto, pero tal matrícula só terá efectos se cumpre os requisitos necesarios antes do remate do curso académico en que foi de intercambio.

13. Para realizar o programa de intercambio, os alumnos deberán formalizar a matrícula na USC da totalidade das materias e actividades que pretendan cursar en réxime de intercambio. Non procederá a matrícula contravindo o plano de estudos nin en materias de libre configuración das ofertadas por esta universidade, para o seu recoñecemento por outras materias ou actividades realizadas en virtude dun programa de intercambio universitario. Neste caso, deberase matricular seguindo o procedemento previsto neste artigo.

14. Unicamente se poderá formalizar matrícula para render exame na USC nas seguintes materias:

- a) As que figuran como suspensas no expediente do alumno, e as que non poidan ser incluídas no compromiso de estudos ou acordo académico, sempre que se respecte a programación académica e o plano de estudos. O máximo de materias matriculadas fóra do acordo académico será de vinte créditos.
- b) As cuadrimestrais que non se correspondan co cuadrimestre de mobilidade, se o programa de mobilidade se corresponde cun cuadrimestre.

15. Esta matrícula reportará os prezos públicos que determine o decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia, así como calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria.

DÉCIMA: MATRÍCULA

1. Unha vez formalizado o compromiso de estudos, os estudantes deberán formalizar necesariamente a matrícula na USC, dentro dos prazos establecidos, así como efectuar o pagamento dos prezos públicos correspondentes ao total de créditos que figuran no compromiso de estudos e dos que se pretende o seu recoñecemento na USC como resultado dos estudos que se van cursar na universidade de destino.

2. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración do interesado como alumno da USC, para todos os efectos, no curso académico de referencia.

3. O alumnado vinculado o programa Erasmus terá as limitacións para formalizar matrícula que se establecen nas normas de xestión académica da Universidade de Santiago de Compostela e as que se recollan no plano de estudos que está a cursar.

4. O alumnado vinculado o programa Erasmus disporá das convocatorias de exame que teña establecidas a universidade de destino. O réxime de estudos e convocatorias será o da universidade de destino, pero poderanse presentar á convocatoria de setembro na USC naquelas materias recollidas no compromiso de estudos ou acordo académico que non superasen na universidade de destino sempre que teñan unha materia equivalente na súa titulación, logo de comunicación ao coordinador, quen deberá informar os profesores responsables das materias.

5. Os alumnos vinculados o programa Erasmus figurarán nas actas da USC nas materias de que formalizaron matrícula, nas convocatorias ás cales teña dereito no

correspondente curso académico. Utilizarase, para tal fin, a mención “alumno de intercambio” conforme a instrucción de Secretaría Xeral sobre actas.

6. Os alumnos que modifiquen o compromiso de estudos contarán cun prazo de dez días desde a aprobación para a modificación da matrícula. De non se levar a cabo a modificación na matrícula, a modificación do compromiso quedará sen efecto.

7. A formalización da matrícula dará dereito á expedición da acreditación do intercambio, sen prexuízo de poder expedir acreditacións provisorias para os casos en que a matrícula na universidade de destino sexa anterior á da USC ou casos análogos.

8. A formalización da matrícula realizarase nos lugares e prazos que estableza a USC e que poderán ser específicos e diferentes dos comúns, de consideralo necesario.

UNDÉCIMA: INSCRICIÓN NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

1. Os estudantes deberán realizar na universidade de destino os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización, co respectivo programa ou convenio de mobilidade estudantil, e coa información facilitada desde a USC.

2. Os estudantes non están obrigados ao pagamento na universidade de destino de ningunha cantidade económica en concepto de inscrición ou matrícula. Non obstante, a institución de destino pode pedir que se paguen taxas reducidas para cubrir os gastos do seguro e a utilización de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, etc., sobre as mesmas bases que os estudantes desa institución.

DUODECIMA: BOLSAS OU AXUDAS

Os estudantes seleccionados que posúan bolsas ou préstamos de carácter nacional, autonómico ou da propia USC seguirán percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos, agás que na convocatoria da bolsa se estableza a incompatibilidade.

DÉCIMOTERCEIRA: RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS REALIZADOS

1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o estudante deberá solicitar do órgano competente na citada universidade a expedición dunha certificación académica, para a súa constancia persoal, acreditativa dos estudos realizados, coa indicación da denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada, de acordo cos termos previstos no respectivo programa ou convenio de mobilidade.

2. Recibida a certificación académica oficial da universidade de destino, o coordinador académico faralles chegar ao Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do centro e ao Responsable Académico de Mobilidade, a través do Responsable da Unidade de Apoio á Xestión do centro, a proposta de resolución de recoñecemento de estudos. A proposta fixará as materias das cales se propón o recoñecemento, o número de créditos e as cualificacións acadadas. O Responsable da Unidade de Apoio verificará que se corresponde co recollido no compromiso de estudos ou acordo académico e coa matrícula formalizada.

3. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada polo Responsable Académico de Mobilidade ao/á decano/a ou director/a do centro para que

se emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada ao interesado e remitida ás unidades correspondentes acompañada das certificacións orixinais para a súa custodia no expediente documental do alumno para que procedan á imputación das cualificacións no expediente do alumno. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios e os do plano de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poida incluír.

DÉCIMOCUARTA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2009

O REITOR

Por delegación de competencias resolución reitoral de 31 de xullo de 2007

DOG do 19 de setembro de 2007

O vicerreitor de Relacións Institucionais

Lourenzo Fernández Prieto